


QUE SON OS VIRUS ?



Despois de ler o texto varias veces e visionar o vídeo, contesta ás preguntas.

Os virus forman parte da natureza. Os virus non poden considerarse uns seres vivos porque non realizan algunhas das funcións vitais: non respiran, pero con todo, poden reproducirse.

A palabra "virus" procede do latín *virus*, que significa "toxina" ou "veleno". Un virus é un xermen infeccioso 100 veces máis pequeno ca unha célula, por iso tan só é posible observalo cun microscopio electrónico.

Os virus están no límite do que pode considerarse un "ser vivo", porque necesitan a célula doutro ser vivo, como un animal ou dunha planta para poder sobrevivir, xa que por si mesmos non poderían reproducirse nin multiplicarse. Unha vez dentro do organismo, que lle serve de óspede, os virus infectan as células e multiplícanse para sobrevivir.

Existen millóns de tipos de virus, teñen distintas formas e afectan a distintos tipos de células, polo que poden producir diferentes enfermidades: a gripe, a varicela, o sarampelo, a rubeola, etc

Por exemplo: O virus da polio, afecta ao sistema nervioso e á mobilidade, o coronavirus afecta aos pulmóns e ao sistema respiratorio.

O gran problema dos virus é que poden ser moi contaxiosos, como o coronavirus, e son moi difíciles de curar. Os virus contáxianse por contacto directo a través de fluídos como a saliva ou secrecións como os ouriños, mocos e feces. Tamén poden infectarse as persoas que toquen obxectos ou animais infectados.

Lamentablemente, cada virus necesita dunha vacina específica, xa que os antibióticos só poden curar enfermidades causadas por bacterias, non por virus.

Na actualidade, todos os bioquímicos dos laboratorios de investigación do mundo, están traballando por conseguir a vacina que permita vencer ao coronavirus.

Preguntas.

1.- De onde procede a palabra virus?

2.- Os virus son organismos que poden reproducirse, coma nós, pero non son considerados como seres vivos, por que? Explica.

3.- Que é maior unha célula ou un virus? _____

4.- Os virus poden verse cun telescopio ou cun microscopio? _____


5.- O virus da gripe e o coronavirus son parecidos ou diferentes? _____

6.- Que síntomas pode dar o coronavirus? _____

7.- Indica se é verdadeiro (V) ou falso (F) cada unha destas frases:

- ▣ Os virus só atacan as persoas. _____
- ▣ Os antibióticos non poden curar os virus. _____
- ▣ Debemos evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. _____
- ▣ A polio e a rubeola son enfermidades causadas por bacterias. _____

8.- Os científicos que están a investigar unha cura para o coronavirus son os _____



9.- Plástica. Este vídeo é unha homenaxe a todos os que traballan para facernos a vida máis doada nestes días de confinamento. Mirao con atención e logo faille ,no bloc de debuxo, un debuxo que exprese o agradecemento polo seu traballo e sacrificio. (Mandade foto)

<https://youtu.be/4yETRq2Zctc>